



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Carlos Mollinedo Lois
Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Rodrigo Alberte Pivida
Antón García Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Carmen Serra Rodríguez
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Juan José Fernández
José Andrés Zapirain (DS)

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 23 de marzo de 2004, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Negociación coa Xerencia.
5. Toma de decisións sobre as convocatorias de oposicións pendentes
6. Propostas da Seccións Sindicais.
7. Rogos e preguntas

1. Ao enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura, e tras facer algunhas correccións e emendas, apróbase por unanimidade.

2. Informe do Presidente.

Antes de pasar a dar conta da relación de asuntos, o Presidente solicita a Zapirain, delegado sindical de UGT, que pida desculpas por criticar nunha mensaxe á lista de comunidade á representante do CI na Comisión de Selección dunha praza de T. E de Laboratorio de Física, o manifestar nu parágrafo de dita mensaxe o seguinte: *“Mi mayor reproche y descalificación al representante del CI no sólo por no haber defendido la legalidad y los intereses de los trabajadores, sino también por no informar al Comité de lo que estaba ocurriendo”*. Manuel Velasco afirma que a lista de correo non é o sitio axeitado para criticar o labor de calquera representante do CI que, en todo caso, o sitio para facer eses comentarios é o Pleno e apoia a petición feita polo Presidente, manifestando que esta actuación non era a máis axeitada para crear un bo ambiente de traballo dentro do Comité. Tras estas intervencións Zapirain, co obxecto de manter o clima de diálogo dentro do CI, pide desculpas pola forma de facer a crítica, aínda que mantendo o contido da mesma, cuestión que acorda discutir no punto 3. Con estas aclaracións dáse por pechado o tema.

Tras esta petición o Presidente informa dos seguintes asuntos:

- Das contratacións temporais, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos seguintes acordos:
 - o Escrito á Xerencia solicitando a relación de empresas privadas que teñen persoal traballando dentro das dependencias da Universidade de Vigo (Acordo da reunión 5 de febreiro de 2003)
 - o Solicitar asesoría xurídica sobre o realizado ata o de agora na selección de persoal da OFOE e facer, se procede, un relatorio dos feitos para enviar ao xerente como anuncio de demanda previa.



- o Solicitar a empresa gastos realizados en indemnizacións, honorarios de avogados e costas de xuízos detallando a partida orzamentaria da que saen (escrito pendente de facer)
 - o Escrito contestado a consulta realizada o CI por Benito Gregorio.
 - o Escrito solicitando que a Universidade solicite de novo a subvención que outorga a Xunta para contratar orientadores/as laborais.
- Do escrito remitido pola xerencia no se contesta ao que lle remitiu este CI no que se informa do absentismo, accidentes de traballo, horas extras...
- Sobre a provisión temporal dunha praza de T. E. de laboratorio de física, incluíndo:
 - o O acordos da Comisión de Selección
 - o O escrito enviado por José Andrés Zapirain
- Da Sentencia na que se condena a Universidade de A Coruña a repetir un proceso de selección.
- Do escrito enviado pola Administradora do ámbito de Ciencias no Campus de Vigo sobre a quen lle corresponde levar a correspondencia e os paquetes que veñen para a Biblioteca da Facultade de Ciencias.
- Negociación coa xerencia:
 - o Acta da reunión de 3 de marzo de 2004
 - o Elaboración da proposta alternativa á xerencia para a reunión do 24 de marzo.
 - o Da reunión mantida polo Presidente co xerente na que se falou da petición e reparto da roupa de traballo e da aplicación da Disposición Adicional 7ª do Convenio Colectivo.
- Do acordo acadado sobre a petición de ampliación de xornada da Auxiliar de Servicios Luísa Cebral.
- Da petición de que se acaten as sentencias e se lles paguen os trienios ao persoal contratado nas mesmas condicións que ao persoal fixo.
- Do manual de funcións da categoría de ATIIDD, manual inexistente ao non estar negociado co CI e que a xerencia enviou aos servicios de inspección da Xunta de Galicia para xustificar a súa negativa a que un traballador con incapacidade recoñecida puidera ocupar unha praza da categoría sinalada.
- Do estado da Selección da OFOE.
- Da necesidade de manter unha reunión conxunta o CI a Xunta de Persoal PAS e a xerencia para tratar as normas de xestión de listas de agarda e os anticipos reintegrables.

Tralo informe prodúcense intervencións relativas a algúns dos temas sinalados polo Presidente:

- o Zapirain en relación a petición de datos sobre absentismo, accidentes laborais e horas extras lembra que o Convenio Colectivo no seu artigo 35 di: "...Trimestralmente a xerencia da universidade, remitirá ao Comité Intercentros, a relación das horas extraordinarias realizadas con indicación das abonadas e/ou



compensadas con descanso.” Prega, polo tanto, que se volvan a solicitar indicando que na relación enviada faltan as compensadas con descanso. Esta petición é asumida polo Pleno.

- o Antón García, en relación ao tema reflectido no escrito enviado pola Administradora do ámbito de Ciencias do Campus de Vigo, comenta que na acta aprobada hai un erro pois á biblioteca do centro, no que el desempeña funcións de TESX, non se leva correspondencia mais si os paquetes.

Victoria, sinala a dificultade existente para diferenciar o que é correspondencia e o que é paquete e afirma que o problema se da pola distancia existente entre a conserxería e a biblioteca. Antón solicita que se recolla expresamente na acta a seguinte afirmación: os paquetes lévanse sempre e a correspondencia, ás veces, ben a petición do persoal da biblioteca ou aproveitando algunha viaxe a esta dependencia. Suxire, para facer máis doada esta tarefa, facer paquetes máis manexable.

Zapirain afirma que a categoría de auxiliar técnico de servizos xerais ten o seu manual de funcións recollido no actual Convenio e que non é función dunha administradora interpretar se a esta categoría lle corresponde, ou non, facer unha determinada tarefa, a interpretación do sinalado no Convenio é atributo exclusivo da Comisión Paritaria.

Cándido Pérez lembra que a administradora responde a un escrito enviado pola biblioteca.

Carlos Mollinedo afirma que é función da conserxería distribuír a correspondencia dun centro, as persoas na súa caixa de correo, e aos servizos achegándoa ata as súas dependencias, no referente a si é función da administradora dirimir neste asunto di que si é competente.

Antón, por último, subscribe a primeira parte do dito por Mollinedo e chama a atención sobre os problemas que se dan para diferenciar entre distribuír e repartir.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

Comisión de Acción Social.

Previamente, a través do Secretario, Victoria Alonso fixo chegar aos membros do CI un informe da reunión da Comisión de Acción Social celebrada o 3 de marzo de 2004 no que se recolle información sobre os asistentes, os temas que se trataron, o desenvolvemento da reunión, e os acordos acadados; non obstante, diante do pleno comenta algunhas cuestións recollidas en dito informe que quedará anexo a esta acta.

Comisión de selección dun T.E. de laboratorio de Física no Campus de Ourense.

A representate do CI neste proceso, Chus Losada, en relación con este proceso, da conta dos seguintes pormenores: os criterios establecéronse previamente antes da apertura dos currículos, dous aspirantes por promoción interna non presentaron a certificación de antigüidade e tampouco se lles recoñeceu de oficio, ao seu parecer houbo unha excesiva valoración da antigüidade e a Comisión actuou urxida pola necesidade de cubrir canto antes esa praza.

Zapirain argumenta que non é certo que houbera urxencia por cubrir a praza e que en tódalas convocatorias é preciso aplicar o baremo que



recolle o Convenio para estes casos, tamén avisa de que vai a impugnar o resultado.

Tralo anuncio de impugnación e o querer darlle o afectado lectura ao recurso, Cándido pídelles a Rodrigo Pivida e a Chus Losada que é mellor que abandonen a sala namentres se estea a falar deste tema pois como membros da Comisión terán que ver o recurso sen condicionamentos previsto sinala, así mesmo, que cando se designa aos membros dun tribunal para unha comisión de selección, faise na confianza de que saberán resolver, non como mandato imperativo.

Zapirain, por contra, di que están condicionados pola convocatoria e o Convenio e o seu ámbito de actuación é o intercentros.

Manuel Velasco afirma que causa perplexidade no persoal que representamos un proceso como o que estamos a discutir. Se o que se pide, di, é bacharelato superior ou formación profesional o candidato/a idóneo/a é o que cumpre estes requisitos polo que non ten sentido darlle a máxima puntuación as licenciaturas relacionadas coa praza, ou valorar tan esaxeradamente posuír patentes, asistir a congresos ou ter feita a teses ou tesíña; en todo caso, todos estes méritos poderíanse valorar, pero sempre de forma subsidiaria pois o perfil idóneo para esta praza é, o seu entender, alguén que tivera algún título de formación profesional da rama de física.

Cándido, intervén de novo, para afirmar que a fórmula de cobertura temporal do Convenio garante a promoción interna sobre a libre, asemade, asegura que algúns dos erros que se cometeron poden corrixirse e que hai criterios que se empregaron nesta convocatoria que non son moi afortunados, subliñando, por último, que temos que aprender deste tipo de procesos.

Zapiraín, intervén para asegurar que non quere que o Comité interveña e pide que o asunto se volva a tratar unha vez que a Comisión resolva a cobertura desta praza.

Aser, finalmente, pregúntalle a Chus Losada se os expedientes chegaron a mesa da Comisión en sobres pechados, contestándolle Chus que si que a documentación chegou precintada.

4. Negociación coa xerencia.

O Presidente informa das reunións que a Comisión designada polo CI mantivo co xerente, tamén da conta doutra, entre el e o xerente, na que trataron algúns dos problemas que se están a dar no **reparto da roupa de traballo**. Comezando por este último asunto propón que se teña en conta ao novo persoal que se incorpora a universidade, que para que non estean sen a roupa suxire que a universidade se forneza das prendas máis comúns, nas tallas máis usadas, para poñer a disposición destes traballadores e traballadoras.

Outros asuntos que se trataron nas distintas reunións e dos que tamén da conta son:

Luísa Cebal, esta traballadora, que ten un contrato a tempo parcial, fixo unha petición para que se lle dea a posibilidade de ter unha xornada a tempo completo. A xerencia acepta a ampliación de horario, non obstante, considera que pode destinala a un centro (sempre no Campus de Vigo) e quenda distintos.

Trienios, nas reunións mantidas co xerente se lle insistiu en que acate as sentencias e que lle recoñeza a tódolos traballadores e traballadoras o dereito a percibir retribucións por antigüidade na empresa. Acórdase



pedir por escrito a relación de reclamantes que ata agora solicitaron o pagamento dos trienios que se lles debe e en solicitar ao xerente que atenda positivamente estas reclamacións.

Transformacións de categorías, nas reunións pedíuselle que transforme tódalas categorías a extinguir e que se constitúa unha comisión específica para negociar este asunto.

OFOE, nunha das reunións o xerente comunicounos que o vicerrector ía convocar a Comisión na semana do 22 ao 28 de marzo.

Por último acordouse pospoñer a reunión acordada co xerente para o 24 de marzo.

5. Toma de decisións sobre as convocatorias de oposicións pendentes
Acórdase que cada central sindical estudie as convocatorias e en manter unha reunión o martes 30 de marzo.

6. Propostas das Seccións Sindicais.

UGT dará conta na próxima reunión do CI das propostas elaboradas por esta Sección Sindical para presentar demanda de tutela de dereitos fundamentais e represión de condutas antisindicais e, así mesmo, demanda de conflito colectivo para que se recoñeza o dereito ao persoal laboral contratado a cobrar os trienios nas mesmas condicións que as recoñecidas para o persoal laboral fixo.

OFOE: Manuel Velasco, dada a actuación do vicerreitor de Relacións Institucionais na selección de persoal desta oficina, solicita que o CI faga pública a súa discrepancia con todo o acontecido nesta selección suxerindo tamén pedir a dimisión do vicerreitor. Tamén asegura que a algunhas traballadoras que non teñen relación contractual coa universidade se lle sigue a pagar con fondos de certos programas manifestando o seu abraio por este feito.

Precariedade: Manuel Velasco informa que asistiu a unhas xornadas sobre este tema organizadas polo sindicato CC OO e que tomando como referencia o que alí se contou na Universidade de Vigo temos un grave problema de precariedade laboral comunicando a súa intención de convocar ao resto dos sindicatos, nunha data aínda por determinar, para falar deste problema.

7. Rogos e Preguntas.

Chus Losada pide o apoio do CI para que se manifeste sobre os problemas de limpeza que están a ter na Biblioteca do Campus de Ourense ao levar un mes sen que a limpe o servizo de limpeza. Acórdase facer un escrito.

Marcos Estevez informa que a altura da piscina universitaria por fin puxeron unha parada de autobús, parada que moitos coches particulares non están a respectar.



Acordos:

- Solicitar de novo as horas extras esixindo que se indiquen as horas compensadas con descanso tal e como especifica o artigo 35 do Convenio Colectivo.
- Pedir á xerencia a relación de reclamantes que ata agora solicitaron o pagamento dos trienios que se lles debe e demandar ao xerente que atenda positivamente estas reclamacións.
- Facer un escrito instando a que se solucionen, canto antes, os problemas de limpeza na Biblioteca Central de Ourense.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)